

GUÍA DE CINE PRIMAVERA 2017



Para que todo salga ben na prestixiosa Academia Werth, a pequena e a súa nai múdanse a unha casa nova. A pequena é moi seria e madura para a súa idade e planea estudar durante as vacacións seguindo un estrito programa organizado pola súa nai; pero os seus plans son perturbados por un veciño excéntrico e xeneroso. El ensínalle un mundo extraordinario onde todo é posible. Un mundo no que o Aviador se topou algunha vez co misterioso Principiño. Entón comeza a aventura da pequena no universo do Principiño. E así descobre novamente a súa infancia e comprenderá que só se ve ben co corazón



Durante a 2ª Guerra Mundial un avión que transporta alumnos dunha escola militar naufraga no océano, un grupo de rapaces sobrevive ao alcanzar unha illa deserta. Sen adultos teñen que organizarse para sobrevivir en circunstancias tan adversas.



NUESTRA HERMANA PEQUEÑA

Sachi, Yoshino y Chika son tres irmásque viven en kamakura (Xapón), na casa da súa avoa. Un día reciben a nova da morte de seu pai que as abandonou cando eran pequenas. No funeral coñecen a filla que seu pai tivo trece anos antes e pronto as tres irmás deciden ir a vivir xuntas.




Unha combinación de testemuños e planos aéreos fan de Human unha introspección sobre o ser humano e como ser que pertence aunha

comunidade. As 2000 persoas entrevistadas entregan testemuños profundos e únicos, abarcando temas universais relacionados coa pobreza, a guerra, o amor, a familia, o futuro do noso planeta, etc. foi rodada en 20 países durante máis de dous anos.



GUÍA DE CÓMIC PRIMAVERA 2017



Coa Primeira Guerra Mundial, unha imaxinaria illa bretona queda valeira de homes, só quedan os anciáns, as mulleres e os nenos... e Maël que sofre unha coxeira permanente xunto con burlas, humillacións e insultos. O mozo aceptará o traballo de carteiro converténdose na única conexión entre os homes e mulleres da illa e o único capaz de satisfacer e consolar a esas mulleres.




Elijah Stern, enterrador local, leva una existencia tranquila e solitaria hasta que lle encargan a autopsia dun home encontrado morto nun burdel. Forense improvisado, descubre que a causa da morte non é natural e, ao seu pesar, vese implicado nunha investigación. Stern non se imaxina que a clave do caso se encontra na súa propia infancia...




demasiado ben. Ultimamente estivo tendo ataques de angustia dos que espera recuperarse en casa do seu pai, un home algo ausente desde que a súa muller abandonouno para facer vida de pintora. No pobo todo ha cambiando pero todo segue igual. Juliette visita á avoa, que xa require atención permanente, ve crecidos aos seus sobriños e trata de abrirse á súa irmá Marylou, que colleu algúns quilos e ten un amante



Make A Path Presents




Vamos a descubrir fascinantes secretos ocultos na obra do músico barroco **Johann Sebastian Bach**, nun famoso libro infantil inglés de finais dos anos setenta, *Masquerade*, ou as distintas pistas e dúbidas que existen sobre a identidade do autor inglés máis importante, **William Shakespeare**.





ejandra e Xullo, dous mozos que se coñecen en Madrid en 1981 e reencóntranse en Barcelona en 1991. Unha historia que flúe entre dous espazos urbanos con distintas inquietudes culturais e vitais cuxo reflexo son os seus habitantes.




GUÍA DE LIBROS DE PRIMAVERA 2017

Laura Norton

Ante todo,
mucho karma



Despois de que os seus lectores lle pediran un pouquiño máis de karma, tras a súa exitosa novela “Non culpes o karma dlo que lle pasa por gilipollas”, a escritora Laura Norton, que aínda se esconde sen darse a coñecer, doullas a o seu público o que lle estaban pedindo “Ante todo, moito karma”. Entre medias deunos a coñecer a historia de Bea en “Xente que vén e bah”




Unha nova ameaza cénese sobre o **Reino da Fantasía**: as manecillas do **Marcatempo Cronofantástico**, o reloxo máxico do País do Tempo, empezaron a xirar cada vez máis rápido, alterando deste modo o transcurso do tempo en todo o **reino**.

Joaquín Estefanía

ABUELO, ¿CÓMO HABÉIS CONSENTIDO ESTO?

Los graves errores que nos han llevado a la era Trump



Autora de
Yo antes de ti
y Después de ti

Jojo Moyes

La CHICA que DEJAST ATRÁS

En 1916 o artista E. Lefèvre marcha a fronte e deixa a súa muller e fillos ao cargo do hotel que rexentan. Numerosos oficiais alóxanse no hotel e cando un oficial repara no retrato que o artista lle fixo a súa muller comeza unha obsesión. Cen anos despois o retrato chega as mans de Liv Halston, unha nova e perigosa historia comeza.

O primeiro libro de economía e política divulgativa da era Trump, escrito por uno dos máis lúcidos analistas do noso país.

